

Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente - SiNASP

Informe de avaliación ano 2023

Autoras:

Isabel Losada-Castillo
Olga Roca Bergantiños

Servizo de Calidade Asistencial
Subdirección Xeral de Atención Hospitalaria
Servizo Galego de Saúde
Consellería de Sanidade

Data: Maio de 2024

1. Introducción

O Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente (SiNASP) é un sistema que permite a comunicación e rexistro de incidentes, eventos, circunstancias ou erros que afectan ou poderían afectar á seguridade dos/as pacientes.

O obxectivo principal do SiNASP é mellorar a calidade da atención sanitaria e a seguridade do/a paciente, a través do estudo dos incidentes, do contexto no que ocorreron, dos riscos latentes preexistentes e dos factores que contribuíron a súa aparición, para implantar as accións de mellora necesarias para evitar que se repitan no futuro.

A mellora da seguridade dos pacientes pasa por incrementar a cultura de seguridade nas institucións sanitarias, centrándose na aprendizaxe e dirixindo as accións de mellora ao propio sistema, transformando así a cultura de culpa.


A énfase principal do SiNASP está na aprendizaxe para a mellora; constituíndose como os seus principios básicos a voluntariedade, a non punibilidade, a confidencialidade, a notificación anónima (ou nominativa con anonimización dos datos), a súa orientación sistémica (as accións de mellora non se centra no profesional, evítase a súa culpabilización) e un carácter local na análise para a aprendizaxe e a implantación de melloras.

2. Análise do total de incidentes notificados

Neste informe analízanse os incidentes notificados ao SiNASP por parte de todos aqueles centros dados de alta no sistema (centros de atención primaria, hospitais pertencentes á rede do Sergas, Povisa, Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, Galaria) correspondentes ao ano 2023, presentándose a serie temporal dos datos do último quinquenio (2019-2023).


Así, no ano 2023, o número total de notificacións efectuadas ao Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente SiNASP en Galicia foi de 2.224, 409 máis que o ano anterior (1.815), o que supón un incremento do 22,5%, mais aínda non se alcanzaron as notificacións pre-pandemia de COVID-19 (2.399). Do total de notificacións, 1.737 corresponden a centros hospitalarios pertencentes á rede do Sergas, 235 foron realizadas polo hospital Ribera-POVISA, 238 foron realizadas polos centros de Atención primaria e 14 notificacións pola Fundación pública urgencias sanitarias de Galicia-061.

Figura 1. Evolución do número total de notificacións ao SiNASP. Período 2018-2023



Na análise por área sanitaria, obsérvase en todas elas un aumento do número de notificacións no ano 2023 con respecto ao ano 2022, excepto na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, onde as notificacións descendéron nun 15,5%. Destacan polo seu ascenso das notificacións no 2023 a respecto do 2022, as áreas sanitarias de Pontevedra e O Salnés e a de Ferrol, cun ascenso do 61,3% e do 31,7%, respectivamente.

Figura 2. Evolución do nº total de notificacións ao SiNASP por área sanitaria (centros pertencentes ao Sergas). Período 2018-2023




Táboa 1. Evolución do número total de notificacións ao SiNASP por área sanitaria no período 2015-2023. Porcentaxe de incremento 2022-2023

Total notificacións, por área sanitaria	Coruña e Cee	Ferrol	Santiago e Barbanza	Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Pontevedra e O Salnés	Vigo
2018	332	206	149	385	303	200	315
2019	386	131	216	364	401	296	321
2020	311	123	173	301	303	152	248
2021	231	95	179	274	211	58	246
2022	313	99	244	291	257	67	344
2023	387	145	302	252	334	173	382
INCREMENTO 2023-2022 (%)	19,12	31,72	19,21	-15,48	23,05	61,27	9,95

As notificacións mensuais, tanto de hospitais como de atención primaria, móstranse na figura 3.

Figura 3. Notificacións realizadas ao SiNASP mensualmente durante o ano 2023



A porcentaxe de eventos adversos clasificados como SAC1 ou SAC2 nas diferentes áreas sanitarias móstrase na táboa 3. Destacan as áreas sanitarias de Vigo e Ourense, cunha porcentaxe de SAC1 ou SAC2 superior ao 8%, mentres que na área sanitaria de Pontevedra a porcentaxe é dun 3,5% e nos hospitais Ribera-POVISA xunto coa Fundación de urxencias sanitarias de Galicia-061, que constan como centros independentes de Galicia, soamente foron un 2% do total de notificacións ao SiNASP no ano 2023.

Táboa 3. Porcentaxe de notificacións ao SiNASP categorizadas como SAC1 e SAC2 durante o ano 2023

Indicadores	Notificaciónes recibidas	% SAC 1 y SAC 2
Área Sanitaria de A Coruña e Cee	387	7.0
Área Sanitaria de Ferrol	145	7.6
Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos - Atención primaria	32	-
Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza	302	5.3
Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	334	8.4
Área Sanitaria de Vigo	382	9.4
Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés	173	3.5
Centro independente pertenciente Galicia	249	2.0
Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos - Hospitales	220	7.7

Na análise total das notificacións procedentes do hospital, os resultados do ano 2023 móstranse na táboa 4. Destaca o escaso número de notificacións que hai nos hospitais comarcais, sobre todo naqueles que non teñen no cadro de persoal un referente para a calidade e a seguridade do paciente.

Táboa 4. Número de notificacións ao SiNASP realizadas nos hospitais de Galicia durante o ano 2023


Notificaciónes SiNASP hospitalares-Otros 2023	Total
Hospital Público de Cee	9
Complejo Hospitalario Universitario A Coruña	364
Hospital Universitario de Ferrol	131
Hospital da Barbanza	3
Complejo Hospitalario Universitario de Santiago	292
Complejo Hospitalario Universitario de Ourense	291
Hospital Comarcal de O Barco de Valdeorras	16
Hospital de Verín	11
Complejo Hospitalario de Vigo	244
Complejo Hospitalario de Pontevedra	133
Hospital do Salnés	23
Hospital Povisa	235
Hospital Lucus Augusti	145
Hospital Público de Monforte	47
Hospital Público da Mariña	28

As notificacións totais procedentes dos centros de atención primaria adscritos ao SiNASP atópanse na táboa 5. En 2023, o número de notificacións foi de 238, 133 máis que en 2022, cun incremento nas notificacións do 127%, mais sen acadar as cifras pre-pandemia de COVID-19. O número de centros ou servizos de atención primaria adscritos ao SiNASP foi de 89, oito máis que en 2022 e notificaron algún incidente en 40 centros/servizos, 10 máis que en 2022. Destaca que o 58% das notificacións totais proceden da área sanitaria de Vigo e dentro desta fundamentalmente de dous SAP, o de O Porriño e o de Sárdoma, que notificaron o 41,2% do total das notificacións ao SiNASP realizadas en atención primaria en Galicia.

3. Análise dos incidentes notificados nos hospitais

Para a análise dos incidentes notificados nos hospitais do Sergas máis o hospital Ribera-POVISA empregáronse os incidentes que estaban pechados á hora de facer este informe, maio de 2024. O número de incidentes pechados foi de 1931. Houbo un 2,1% de notificacións realizadas nos hospitais que quedaron sin pechar. A evolución das notificacións nos hospitais desde 2018 a 2023 móstrase na figura 4. Aínda que no ano 2023 incrementáronse as notificacións nun 12,9% a respecto de 2022, aínda non se alcanzaron os datos previos á pandemia de COVID-19.

Figura 4. Evolución das notificacións ao SiNASP nos hospitais de Galicia desde 2018 ata 2023




Táboa 5. Número de notificacións ao SiNASP realizadas nos centros de atención primaria de Galicia durante o ano 2023

A.S. A CORUÑA E CEE	S.A.P. San José – A	1
	S.A.P. Culleredo	8
	S.A.P. Federico Tapia	5
		14
A.S. FERROL	C.S. Fene	2
	S.A.P. Fontenla Maristany A e S.A.P. Fontenla Maristany B	2
	S.A.P. Caranza	2
	C.S. Narón	2
	S.A.P. Ortigueira	5
	C.S. Pontedeume	1
		14
A.S. SANTIAGO E BARBANZA	S.A.P. A Estrada	7
		7
S. LUGO, A MARIÑA E MONFORT	S.A.P. A Fonsagrada	2
	S.A.P. A Milagrosa	2
	S.A.P. Fingoi	3
	S.A.P. Sagrado Corazón	2
	S.A.P. San Roque	3
	S.A.P. Meira	0
	S.A.P. Mondoñedo	0
	S.A.P. Monforte	2
	S.A.P. Duteiro de Rei	13
	S.A.P. Sarria	4
	S.A.P. Vilalba	1
		32
A.S. OURENSE, VERÍN E O BARCO	C.S. Celanova	6
	C.S. Valle-Inclán	5
	PAC de Ourense	1
	PAC de Carballiño	1
	C.S. Coles	3
		16
A.S. PONTEVEDRA E SALNÉS	S.A.P. Bueu	2
	S.A.P. Cambados	2
	C.S. Catoira	1
	S.A.P. Virxe Peregrina	4
	S.A.P. Lerez	7
	S.A.P. Vilanova de Arousa	1
		17
A.S. VIGO	S.A.P. Cangas	12
	S.A.P. A Cañiza	18
	S.A.P. A Guarda	2
	S.A.P. Porriño	52
	S.A.P. Redondela	1
	S.A.P. Val Miñor	3
	S.A.P. Lavadores	1
	S.A.P. Matamá	2
	S.A.P. Sárdoma	46
	S.A.P. Teis	1
		138

Na figura 5 pode verse a clasificación dos incidentes notificados nos hospitais no ano 2023, segundo o seu SAC (Severity Assesment Code). Os menos frecuentes, os catalogados como SAC1 (Risco extremo), representan o 0,8% dos incidentes notificados, seguidos a continuación polos SAC2 (Risco alto) cunha porcentaxe do 5,5%. Os incidentes catalogados como SAC3 e SAC4, correspondentes a Risco medio e Risco baixo, presentan unhas porcentaxes similares, cun 16,7% e un 15,6%, respectivamente. O maior número de incidentes figuran como sen SAC (61,3%).

Figura 5. Notificacións ao SiNASP nos hospitais no 2023 segundo o grado de severidade



A respecto da filiación do persoal que notifica os SiNASP nos hospitais o 60,2% son enfermeiros/as, o 19,5% son médicos/as, o 5% son TCAEs, o 2,6% son farmacéuticos/as e o 15,3% son outros profesionais.

Na táboa 6 móstrase a tipoloxía das notificacións realizadas ao SiNASP desde os hospitais. As notificacións máis frecuentes foron as relacionadas coa xestión administrativa e recursos (31,5%), seguida das relacionadas cos equipos e dispositivos (16,8%), das relacionadas coa medicación (13,9%) e dos atrasos e tempos inadecuados (12,5%).

Táboa 6. Tipoloxía das notificacións ao SiNASP nos hospitais de Galicia en 2023

Incidente	Porcentaxe (%)
Xestión organizativa - Recursos	31,5
Equipos / dispositivos	16,8
Medicación	13,9
Retrasos ou tempos inadecuados	12,5
Comunicación	8,9
Procedementos terapéuticos	8,8
Infraestrutura / edificio / enseres	7,5
Probas diagnósticas	7
Identificación	6,5
Accidente do paciente	5,2
Procedementos cirúrxicos	4,8
Transporte / traslados	4,7
Outros	4,6
Outros procesos administrativos	4,4
Transmisión de órdenes verbais	3,9
Comportamento alterado / agresivo	3,9
Transferencia do paciente	3,3
Medicamento erróneo	3,3
Sangue e produtos sanguíneos	2,9
Dosis incorrecta	2,8
Laboratorio - Anatomía patolóxica	2,7
Incidente relacionado co diagnóstico	2,4
Omisión de dosis ou de medicamento	2
Caídas	1,9
Dieta - Alimentación	1,6
Documentación (inclúe aspectos relacionados coa confidencialidade)	1,6
Atención telemática	1,5
Infección asociada á asistencia sanitaria	1,4
Comportamiento autoagresivo do paciente	1,2
Entre profesionais (interconsulta)	1
Paciente equivocado	1
Fuga	0,9
Error de preparación/manipulación/acondicionamento	0,9
Osíxeno - Gas - Vapor	0,8
Frecuencia de administración errónea	0,6
Velocidade de administración errónea	0,6
Radioterapia/Radiacións ionizantes	0,6
Vía de administración errónea	0,5
Hora de administración incorrecta	0,5
Entre profesional e paciente/cuidador	0,4
Caída en bipedestación	0,4
Monitorización insuficiente de tratamento	0,4
Caída en reposo	0,3
Forma farmacéutica errónea	0,3
Técnica de administración incorrecta	0,3
Caída durante a transferencia	0,2
Caída noutros entornos	0,2
Duración do tratamento incorrecta	0,2
Medicamento deteriorado	0,2
Planificación	0,1


Os incidentes máis frecuentes nos hospitais ocorreron nas unidades de hospitalización (40,8%), seguidos dos ocorridos nas urxencias (13%), no bloque cirúrxico (12,2%), nas unidades de coidados intensivos (8,5%) e nos servizos centrais (8,2%). As áreas onde ocorreron o total dos incidentes, móstranse na táboa 7.

Táboa 7. Áreas onde ocorreron os incidentes notificados nos hospitais en 2023

Area	Numero incidentes	Porcentaxe (%)
Consultas externas	103	5,3
Urxencias	251	13
Hospital de día	86	4,5
Unidades de hospitalización	788	40,8
Bloque cirúrxico	236	12,2
Unidades de coidados intensivos	165	8,5
Servicios centrais	158	8,2
Sala de partos	39	2
Servicio de emerxencias extrahospitalarias / Transporte sanitario	15	0,8
Servicios de apoio / Outros	90	4,7

Os factores contribuíntes máis frecuentes dos incidentes notificados ao SiNASP nos hospitais foron os relacionados coa organización, seguidos dos factores relacionados cos profesionais, dos factores relacionados co entorno de traballo/instalacións/equipamentos, os factores relacionados co paciente, factores externos e outros (ver figura 6).

Figura 6. Factores contribuíntes das notificacións ao SiNASP realizadas nos hospitais durante os anos 2018 a 2023



A evolución dos incidentes segundo chegaran ou non ao paciente e lle causaran ou non algún dano, móstranse nas figuras 7 e 8.


Figuras 7 e 8. Evolución dos incidentes segundo causaran ou non dano aos pacientes e chegaran ou non ao paciente desde 2018 a 2023



4. Análise dos incidentes notificados en atención primaria


Para a análise dos incidentes notificados nos centros de atención primaria empregáronse os incidentes que estaban pechados á hora de facer este informe, maio de 2024. O número de incidentes pechados foi de 211, un 101% máis que no ano anterior. Houbo un 11,3% de notificacións realizadas polos centros de atención primaria que quedaron sen pechar.

Figura 9. Evolución das notificacións ao SiNASP nos centros de atención primaria de Galicia desde 2018 ata 2023



Na figura 10 pode verse a clasificación dos incidentes notificados nos centros de atención primaria no ano 2023, segundo o seu SAC. Os menos frecuentes, os catalogados como SAC1 (Risco extremo), representan o 3% dos incidentes notificados, seguidos a continuación polos SAC2 (Risco alto) cunha porcentaxe do 4%. Os incidentes catalogados como SAC3 e SAC4, correspondentes a Risco medio e Risco baixo, cun 28% e un 19% respectivamente. Como en anos anteriores, o maior número de incidentes figuran como sen SAC (46%).


Figura 10. Notificacións ao SiNASP nos centros de atención primaria no 2023 segundo o grado de severidade



A respecto da filiación do persoal que notifica os SiNASP nos hospitais o 38,9% son médicos/as, o 31,8% son enfermeiros/as, o 22,7% son farmacéuticos/as e o 6,6% son outros profesionais.

Os incidentes máis frecuentes en atención primaria son os relacionados coa medicación (41,2%), seguidos dos relacionados cos coidados (11,8%), cos equipos/dispositivos (10,4%) e coa xestión organizativa/recursos (10%). A listaxe completa dos incidentes no ano 2023 e as súas porcentaxes móstranse na figura 11.

Figura 11. Tipoloxía das notificacións ao SiNASP nos centros de atención primaria de Galicia en 2023




Se analizamos as notificación ao SiNASP desde os centros de atención primaria segundo o ámbito onde ocorreron os incidentes, na táboa 8 obsérvase que o 70,1% dos incidentes ocorreron nas consultas, o 13,3% nunha organización/lugar distinto ao centros de atención primaria, e o 5,2% nun área de atención continuada/urxencias/SUAP. A listaxe completa das áreas onde ocorreron os incidentes móstrase na táboa 8.

Táboa 8. Áreas onde ocorreron os incidentes notificados nos centros de atención primaria en 2023

Área	Numero incidentes	Porcentaxe (%)
Consultas	148	70,1
Atención telemática	4	1,9
Área de administración / información	2	0,9
Sala de espera	3	1,4
Área de atención continuada / urxencias / SUAP	11	5,2
Laboratorio	6	2,8
Radioloxía	2	0,9
Outras áreas do centro de Atención Primaria (escaleiras, entrada...)	5	2,4
Servicios de apoio	1	0,5
Nunha organización/lugar distinto ao centro de Atención Primaria	28	13,3
Lugar desconocido	1	0,5


Os factores contribuíntes máis frecuentes dos incidentes notificados ao SiNASP nos centros de atención primaria foron os relacionados coa organización, seguidos dos factores relacionados cos profesionais, dos factores relacionados coas normas/procedementos/protocolos de traballo (falta ou inadecuación) e os factores relacionados coa contorna/instalacións/equipamento. A listaxe completa dos factores e as súas porcentaxes móstranse na figura 12. Hai que ter en conta que o total dos factores contribuíntes poden superar o 100%, dado que un incidente pode ter máis dun factor contribuínte.

Figura 12. Factores contribuíntes das notificacións ao SiNASP realizadas nos centros de atención primaria durante os anos 2018 a 2023



A evolución dos incidentes notificados ao SiNASP en atención primaria segundo chegaran ou non ao paciente e lle causaran ou non algún dano, móstranse nas figuras 12 e 13.

Figuras 12 e 13. Evolución dos incidentes notificados polos centros de atención primaria segundo causaran ou non dano aos pacientes e chegaran ou non ao paciente desde 2018 a 2023





5. CONCLUSIÓNS

- No ano 2023, o número total de notificacións ao SiNASP foi un 18,23% máis que o ano anterior, mais esta cifra aínda non alcanza á do ano 2019. As notificacións aumentaron en todas as áreas sanitarias agás a de Lugo, A Mariña e Monforte.
- Referente ao total de notificacións ao SiNASP en 2023, destaca a escasa participación dos hospitais comarcais como centros notificadores, se ben naqueles hospitais comarcais que teñen a un profesional como referente para a calidade e a seguridade do paciente, como ocorre na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte, o número de notificacións é superior.
- Referente ao total das notificacións ao SiNASP realizadas polos centros de Atención Primaria en 2023, destaca a elevada notificación na área sanitaria de Vigo, sobre todo nos SAP de Sárdoma e Porriño. Pola contra, nas áreas sanitarias de A Coruña e Cee e Santiago e Barbanza as notificacións ao SiNASP polos centros de atención primaria son moi escasas.
- No momento de elaborar este informe, maio de 2024, había un 2,1% e un 11,3% de notificacións en hospitais e centros de atención primaria, respectivamente, que estaban sen pechar. É un traballo dos xestores de centros e de área velar pola resolución de todas as notificacións.
- As notificacións ao SiNASP feitas desde os hospitais en 2023 ascenderon un 12,9% respecto ás do ano 2022, mais aínda non acadaron valores pre-pandemia.
- As notificacións ao SiNASP realizadas desde os centros de atención primaria en 2023 duplicáronse respecto ás do ano 2022, e como pasa nos hospitais aínda non alcanzan ás que había no ano 2019.
- Os SAC1 e 2 foron o 0,8% e o 5,5%, respectivamente nos hospitais, mentres que en atención primaria foron un 3% e un 4% do total, respectivamente.
- Os incidentes máis frecuentes notificados desde os hospitais foron os de xestión organizativa e de recursos, mentres que en atención primaria foron os relacionados coa medicación.
- Os incidentes nos hospitais foron máis frecuentes nas áreas de hospitalización seguido do bloque cirúrxico, e en atención primaria un 70% ocorreron nas consultas.
- Tanto en hospitais como en atención primaria, os factores contribuíntes dos incidentes máis frecuentes foron os relacionados coa organización.
- Mais da metade dos incidentes nos hospitais e case a metade en atención primaria non chegaron aos pacientes, e dos que chegaron, o 70% dos notificados nos hospitais non causaron dano ao paciente, mentres que en atención primaria un 60% dos incidentes si que causaron dano aos pacientes.